

III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes  
III Plan de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres

**CONCELLO DE LUGO**



III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes  
III Plan de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres

# CONCELLO DE LUGO



# LUGOIGUAL

**Deseño e maquetación /** Diseño y maquetación:  
Punto G Publicidade

**Depósito Legal /** Depósito Legal:  
LU 38-2012



Casa da Muller



**Concello de Lugo**

Concellería de Benestar Social,  
Igualdade e Xuventude

<b>ÍNDICE</b>	<b>03</b>
Saúdo Alcalde	04
Saúdo Tenenta de Alcalde de Benestar Social, Igualdade e Xuventude	06
<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>10</b>
Fundamentación normativa	11
Liñas estratéxicas do Plan de igualdade	13
Seguimento e avaliación do Plan	15
<b>DOCUMENTO DO III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE LUGO</b>	<b>18</b>
Área 1. Por unha administración local igualitaria	20
Área 2. Participación social, diversidade e sensibilización cidadá	25
Área 3. Educación, cultura e deporte	30
Área 4. Formación e emprego	34
Área 5. Prevención e atención integral da violencia de xénero	38
Área 6. Conciliación e corresponsabilidade	43
Área 7. Benestar social e saúde	46
<b>IMAXES</b>	<b>50</b>
Saludo Alcalde	68
Saludo Tenienta de Alcalde de Benestar Social, Igualdade e Xuventude	70
<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>74</b>
Fundamentación normativa	75
Líneas estratéxicas del Plan de igualdad	77
Seguimiento y evaluación del Plan	79
<b>DOCUMENTO DEL III PLAN DE IGUALDAD DE OPORTUNIDADES ENTRE MUJERES Y HOMBRES DEL AYUNTAMIENTO DE LUGO</b>	<b>82</b>
Área 1. Por una administración local igualitaria	84
Área 2. Participación social, diversidad y sensibilización ciudadana	89
Área 3. Educación, cultura y deporte	94
Área 4. Formación y empleo	98
Área 5. Prevención y atención integral de la violencia de género	102
Área 6. Conciliación y corresponsabilidad	107
Área 7. Bienestar social y salud	110



Dicía na miña presentación do II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, alá polo ano 2005, que me sentía especialmente orgulloso de participar como responsable político na elaboración de tal documento, evidenciando unha aposta clara e un compromiso persoal pola igualdade como motor da nosa política social.

Dende aquel momento moitas cousas sucederon, non só na nosa cidade, senón tamén no noso país e na nosa sociedade, que demostraron un claro compromiso político coa igualdade de oportunidades, a non-discriminación e a accesibilidade universal.

Pero é certo que quedan moitas cousas por facer. Resultan dolorosos os datos de violencia de xénero no noso país, frustrantes os resultados de estudos realizados entre a mocidade e a súa actitude respecto das súas parellas, e claramente inxustos os datos de conciliación da vida laboral e familiar das mulleres ou as súas diferenzas no acceso aos postos de traballo e nas retribucións salariais respecto aos homes, entre outras moitas cuestións.

Hoxe máis que nunca, cando o mundo enteiro sofre a maior crise económica dende a II Guerra Mundial, debemos ser conscientes da necesidade de non dar as costas ás persoas que máis o necesitan e de apoiar, firme e decididamente, aqueles sectores da poboación máis vulnerables.

Son plenamente consciente de que a situación da muller nun momento como este de dificultades económicas se torna aínda máis delicada, e non podemos

consentilo. Non pode consentirse, non só pola inxustiza que iso supón, senón porque ademais teño claro que a sociedade non pode renunciar a todo o que a muller pode achegarlle, en todas e cada unha das súas múltiples facetas.

Nesta presentación do III Plan de igualdade, temos que dicirlle a toda a cidadanía que pode confiar en que o goberno local asume como obxectivo irrenunciabile nesta situación de crise a defensa do benestar social e do emprego e que, en ambos os dous ámbitos, a loita pola igualdade de oportunidades e a non-discriminación entre homes e mulleres é prioritaria. Sirvan estas palabras para selar o noso compromiso.

**José López Orozco**  
*Alcalde de Lugo*



A igualdade é un valor esencial dunha sociedade democrática. As mulleres representamos máis da metade da poboación, e unha sociedade que se di democrática non pode nin debe prescindir desta maioría para o seu desenvolvemento social, económico, político e democrático.

É imprescindible que desde o ámbito local sigamos poñendo en marcha plans de actuación específicos para traballar de forma transversal e con perspectiva de xénero. Por todo isto, presentamos este III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Lugo (2012-2014), co propósito de que sexa unha ferramenta de traballo das políticas de igualdade e de prevención da violencia de xénero no noso concello.

Nestes momentos, máis ca nunca, se cabe, o meu compromiso e o de todo o goberno municipal é seguir apostando porque a participación política, social e económica das mulleres se faga efectiva.

Un dos medios para acadalo é a través do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade entre Mulleres e Homes, impulsando na contorna educativa valores de igualdade, cambio de estereotipos e roles de xénero que non sexan sexistas, con accións de sensibilización que amosen a realidade da violencia sobre as mulleres nas súas diversas manifestacións, transmitir que mulleres e homes debemos compartir a vida laboral, familiar, social e facer unha sociedade cada vez máis igualitaria e máis xusta, denunciando as manifestacións que vaian en contra da dignidade, en contra da igualdade de oportu-



tunidades ou o menoscabo das mulleres que poden estar nunha situación que as faga máis vulnerables.

Quero dar as grazas a todas as persoas que colaboraron a través das asociacións, entidades, grupos políticos e sindicatos, así como a todas e todos os membros do Foro de Participación polas súas achegas.

**María del Carmen Basadre Vázquez**

*Tenenta de Alcalde de Benestar Social, Igualdade e Xuventude*



## INTRODUCCIÓN



## Introdución

Desde que en 2005 se elaborou o primeiro Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o goberno municipal non cesou no seu firme compromiso para alcanzar a igualdade de xénero, avanzando no asentamento dun sistema democrático igualitario e preocupado polo benestar da cidadanía.

Proba dese compromiso é este III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo, promovendo as políticas transversais de xénero co fin de mellorar así a calidade de vida das cidadás e dos cidadáns do municipio.

O Concello a través das diferentes concellerías convértese nunha entidade privilexiada para desenvolver programas dirixidos a pór fin ás situacións discriminatorias, pola súa proximidade ás necesidades e demandas da poboación.

Para iso é necesario establecer unha serie de medidas que permitan o acceso, ao conxunto das mulleres, ás canles socialmente establecidas para a súa incorporación e participación en equidade na vida pública, contribuíndo a facer unha sociedade máis xusta baseada na igualdade e no respecto.

O III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo 2012 - 2014 vertébrase sobre o principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. Foi deseñado co obxectivo prioritario de seguir incorporando a transversalidade en todas as políticas de intervención municipal para fomentar e impulsar unha participación igualitaria da poboación en todas as esferas da vida pública e privada da cidade.

Este III Plan, que terá unha vixencia de tres anos, ponse en marcha coa vontade de que sexa un documento aberto que, por unha parte, dá continuidade e afonda nalgunhas actuacións iniciadas polos anteriores plans e, por outra, introduce novas iniciativas e medidas, coa finalidade de dar resposta ás novas problemáticas sociais

e resistencias culturais que van xurdindo con relación á promoción da igualdade e á participación das mulleres.

Contempla entre as súas áreas prioritarias: participación social, diversidade e sensibilización cidadá, educación, cultura e deporte, formación e emprego, prevención e atención integral da violencia de xénero, conciliación e corresponsabilidade e benestar social e saúde.

Todas estas cuestións fundamentais recóllense no Plan a través de 7 áreas de intervención nun total de 101 actuacións previstas para acadar os 26 obxectivos que se propoñen.

## Fundamentación normativa

Os plans de igualdade de oportunidades municipais son os instrumentos onde se recollen as estratexias da Administración pública local, baseadas no valor fundamental das mulleres a ser tratadas e consideradas como cidadás de pleno dereito. Constitúen un elemento imprescindible na acción política e social dunha comunidade, garantindo a construción dunha sociedade máis democrática e plural fundamentada nos valores de dignidade e responsabilidade compartida entre mulleres e homes.

O III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo 2012 – 2014 é o resultado dun traballo colectivo. Elaborouse partindo da situación das mulleres no Concello, da información e recomendacións recollidas na avaliación do anterior Plan de igualdade 2008-2011 e contando coa participación e implicación das distintas áreas municipais, o Foro Municipal de Igualdade e do tecido social.

Ademais, os obxectivos e medidas que incorpora este III Plan tamén teñen outros referentes, enmarcándose en documentos de alcance internacional, comunitario, estatal, autonómico e municipal.

## Ámbito internacional:

- A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948)
- A Declaración das Nacións Unidas sobre a Eliminación da Discriminación contra a Muller (1967)
- A Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller (1993)
- Tratado de Lisboa de 2009

As conferencias de Copenhague (1980), de Nairobi (1985) e de Beijing (1995) promoveron importantes cambios de cara a garantir a igualdade entre mulleres e homes.

## Ámbito comunitario:

- Quinto Programa de acción comunitaria para a igualdade de oportunidades (2001-2006)

## Ámbito estatal:

- A Constitución española reconece a igualdade de oportunidades como un dereito fundamental de toda a cidadanía española, acorde coa Declaración Universal de Dereitos Humanos (artigo 10.2), e prohíbe calquera tipo de discriminación por razón de sexo, raza, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social (artigo 14). Ademais, distingue a obrigatoriedade da igualdade real dos individuos (artigo 9.2).
- Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2008-2011

### **Ámbito autonómico:**

- V Plan do Goberno Galego para a igualdade entre mulleres e homes 2007-2010
- Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Lei Galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Plan de fomento da corresponsabilidade da Xunta de Galicia. 2007

### **No ámbito municipal:**

- II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo (2008-2011). Constitúese como texto de referencia fundamental da Administración local para o desenvolvemento de medidas que contribúan a corrixir e previr as situacións de desigualdade entre as mulleres e os homes do municipio.

## **Liñas estratéxicas do Plan de igualdade**

O III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo 2012-2014 supón unha estratexia de actuación municipal que aposta por conseguir cambios estruturais de profundo calado social e cultural, que promovan unha igualdade real e efectiva entre a poboación do municipio.

As liñas estratéxicas prioritarias nas que se sustenta este Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes son as seguintes:

**TRANSVERSALIDADE.** Supón a integración sistemática das necesidades e prioridades de mulleres e homes en todas as políticas municipais, desde a fase inicial de planificación, estudando os seus efectos cando se aplican, supervisan e avalían.

Para incorporar transversalmente a perspectiva de xénero, é necesario ter en conta e prestar especial atención ás situacións que seguen a afectar de xeito diferencial ás mulleres respecto dos homes, en calquera actividade ou ámbito de actuación. A promoción de actitudes e modelos igualitarios entre mulleres e homes debe ser o eixe vertebrador de calquera política que teña como obxectivo a consecución da equidade de xénero.

**PARTICIPACIÓN.** Favorecendo unha presenza equilibrada entre homes e mulleres nos espazos públicos, espazos de toma de decisión e de participación política e social.

**COOPERACIÓN E COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA.** Para que se produza unha adecuada execución das medidas contempladas no Plan, é necesario que exista unha cooperación e coordinación, o máis estreita posible, entre todos os organismos públicos e axentes implicados na consecución das actuacións dirixidas a lograr que a igualdade de oportunidades sexa real e efectiva.

**ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.** As diversas situacións e experiencias que viven as mulleres e os homes compoñen os elementos que orixinan a diversidade social, pero tamén poden ocasionar, determinar e agravar as situacións de desigualdade que se producen entre as persoas. Polo tanto, é importante recoñecer e valorar as múltiples identidades de mulleres e homes, tendo en conta os diferentes impactos que poden ter na cidadanía as decisións políticas adoptadas.



## Seguimento e avaliación do Plan

O seguimento do Plan de igualdade ten como finalidade coñecer o proceso mentres se está a desenvolver, prevendo posibles dificultades que poidan xurdir na fase de execución das medidas previstas e permitindo adaptalas ou redefínilas se fose necesario.

A avaliación preséntase como unha ferramenta imprescindible no desenvolvemento de calquera Plan de igualdade de cara a coñecer, entre outros aspectos, a súa incidencia, o grao de desenvolvemento das accións programadas así como a repercusión das medidas propostas na poboación á que van dirixidas, co propósito de mellorar e perfeccionar futuras intervencións.

Este proceso de avaliación participativo e consensado ten que contar coa participación tanto das persoas destinatarias das accións coma do persoal responsable da súa planificación e execución.

### Fases da avaliación

O sistema de seguimento e avaliación do III Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo está pensado para obter información continua durante todo o seu proceso de desenvolvemento e unha valoración final del, e estruturase en tres fases:

#### Fase inicial

Para a elaboración do III Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, tívose en conta a análise previa das necesidades existentes na cidade de Lugo, a avaliación realizada do II Plan municipal de igualdade, así como as achegas de distintos axentes clave do municipio: asociacións, sindicatos, partidos políticos, etc. Así mesmo, empregáronse como referencia o Plan de igualdade da Comunidade Autónoma, o estatal e outros documentos de interese.

## Fase de seguimento

Céntrase na realización dun seguimento continuo do Plan, de forma que a información obtida poida ser tida en conta de cara a orientar satisfactoriamente as actuacións co obxecto de adaptarse a novas circunstancias e/ou solucionar dificultades. Elaboraranse informes trimestrais cos indicadores que inicialmente se establezan, así como unha memoria anual.


## Fase final

A avaliación final achegaranos información dos resultados obtidos, o grao de execución das accións previstas, en qué medida as actuacións contempladas no Plan atenderon á poboación prevista e o impacto delas na cidadanía. Contemplará unha análise cuantitativa e outra cualitativa, é dicir, non só se valorará o número de actuacións realizadas ou de persoas implicadas, senón tamén o efecto que estas actuacións produciron nas persoas ás que ían dirixidas.

O proceso de avaliación responderá a catro criterios básicos:

- Qué se fixo: avaliación da implementación, grao de execución.
- Quén o fixo: avaliación dos procesos, grao de transversalidade.
- Cómo se fixo: avaliación dos procesos e xestión municipal.
- Qué se logrou: avaliación de resultados, grao de incidencia e impacto.

Avaliar o III Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo 2012 – 2014 tendo en conta estes criterios, sen dúbida, fará posible influír en profundidade na situación das mulleres e homes, e contribuirá a eliminar as desigualdades por razón de xénero no municipio de Lugo.



**DOCUMENTO DO III PLAN DE  
IGUALDADE DE OPORTUNIDADES  
ENTRE MULLERES E HOMES DO  
CONCELLO DE LUGO**



## Documento do III plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo

Aprobado pola Xunta de Goberno o día 1 de febreiro de 2012


Este documento contén as achegas do Foro de Igualdade municipal, dos grupos municipais e sindicais, asociacións do municipio, ademais das propias da Fundación Mujeres, para elaborar o III Plan de igualdade de homes e mulleres de Lugo. Este documento estrutúrase en 7 áreas:

- 1. Por unha Administración local igualitaria**
- 2. Participación social, diversidade e sensibilización cidadá**
- 3. Educación, cultura e deporte**
- 4. Formación e emprego**
- 5. Prevención e atención integral da violencia de xénero**
- 6. Conciliación e corresponsabilidade**
- 7. Benestar social e saúde**

Por cada unha das áreas de intervención, establécense:

- Obxectivos específicos.**
- Actuacións concretas.**

A participación nas liñas de intervención de cada área será técnica, política e cidadá traballando conxuntamente para incorporar a igualdade entre mulleres e homes en todas as políticas, programas e actuacións do Concello.



**ÁREA 1.  
POR UNHA ADMINISTRACIÓN  
LOCAL IGUALITARIA**

## ÁREA 1. POR UNHA ADMINISTRACIÓN LOCAL IGUALITARIA

### Obxectivo

1.1 Incorporación da transversalidade de xénero na organización e funcionamento da Administración local

### Accións

1.1.1 Introducir nos expedientes administrativos cláusulas para garantir que os proxectos, plans, programas, estudos, publicacións, enquisas, avaliacións e publicidade do Concello de Lugo incorporen a perspectiva de xénero e non conteñan elementos de discriminación no uso da linguaxe e da imaxe.

1.1.2 Continuar coa incorporación nos sistemas de rexistro dos programas e accións municipais de ítems desagregados por sexo, que permitan a explotación posterior dos datos obtidos, e posibiliten o estudo e a obtención de datos fiables sobre as diferentes situacións de mulleres e homes.

1.1.3 Seguir dotando de contido o dominio “Igualdade de Xénero” creado dentro do Observatorio Urbano de Lugo na páxina web do Concello co fin de profundar na análise da realidade municipal en relación coa igualdade de oportunidades.

1.1.4 Reforzar e visibilizar o traballo do Foro de Igualdade municipal, fomentando a participación nel dos distintos colectivos e asociacións da cidade, especialmente aqueles que traballan en materia de igualdade.

1.1.5 Favorecer a representación paritaria en calquera acto realizado desde a propia Administración local.

1.1.6 Crear unha comisión transversal de xénero entre as concellerías de cara a

impulsar e coordinar as políticas e medidas adoptadas así como o seguimento e a avaliación delas.

1.1.7 Establecer criterios e baremacións de igualdade como un elemento de calidade nos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas na contratación de empresas, entidades ou institucións.

## Obxectivo

1.2 Introducir unha cultura conciliadora na organización municipal fomentando a corresponsabilidade entre homes e mulleres no ámbito persoal, familiar e laboral.

## Accións

1.2.1 Informar e sensibilizar o persoal municipal sobre a corresponsabilidade, e amosar todos os dereitos existentes en materia de conciliación recoñecidos polas diferentes lexislacións a nivel estatal e autonómica, así como as que se poñen a disposición desde o Concello.

## Obxectivo

1.3 Promover o desenvolvemento de capacidades e competencias do persoal dos diferentes departamentos municipais para a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

## Accións

1.3.1 Detectar as necesidades formativas do persoal do Concello para que incorporen a perspectiva de xénero no seu posto de traballo.

1.3.2 Continuar levando a cabo accións formativas en igualdade de oportunida-

des dirixidas ao persoal do Concello, incluíndo nos plans de formación continuada módulos especializados de igualdade e xénero enfocados ao traballo das competencias das diferentes concellerías.

**1.3.3** Valorar no concurso de méritos para persoal a formación en materia de igualdade de oportunidades e xénero.

**1.3.4** Incluír no temario das convocatorias de oferta de emprego público do Concello algún tema específico e/ou contidos que versen sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

## Obxectivo

**1.4** Promover unha comunicación institucional non sexista, igualitaria e inclusiva.

## Accións

**1.4.1** Dar a coñecer, entre os distintos departamentos e servizos municipais, a existencia dun protocolo para a tradución á linguaxe non sexista e a adaptación ao formato telemático de todos os impresos do Concello.

**1.4.2** Continuar o traballo de normalización no uso dunha linguaxe non sexista nas disposicións, normativas, expedientes, comunicacións e demais documentos da Administración local, en colaboración cos distintos departamentos e servizos municipais.

**1.4.3** Procurar a instalación das ferramentas “EXERIA” e “NOMBRA EN RED”, correctores lingüísticos, nos equipos do persoal técnico municipal.

**1.4.4** Difundir e distribuír a guía municipal “A lingua en igualdade pégase. Emprégaa ben ”entre todo o persoal do Concello e ás entidades colaboradoras.



1.5 Introducir ferramentas de detección dos diferentes tipos de acoso na Administración municipal.

Elaborar un protocolo interno de información, detección, prevención e actuación fronte aos casos de acoso sexual, acoso por razóns de xénero e mobbing laboral.

Concellerías implicadas: Todas as concellerías.



**ÁREA 2.**  
**PARTICIPACIÓN SOCIAL, DIVERSIDADE**  
**E SENSIBILIZACIÓN CIDADÁ**

## ÁREA 2. PARTICIPACIÓN SOCIAL, DIVERSIDADE E SENSIBILIZACIÓN CIDADÁ

### Obxectivo

- 2.1 Fomentar a participación das mulleres lucenses na vida social e política

### Accións

- 2.1.1 Analizar os factores que dificultan a participación social, cultural, política, educativa e sindical por parte das mulleres de Lugo.
- 2.1.2 Continuar co servizo de asesoramento gratuíto en materia legal, fiscal, subvencións, etc., tanto para a creación de asociacións de mulleres coma para aquelas que xa están constituídas.
- 2.1.3 Crear, dentro da Web municipal, un espazo informativo sobre creación de asociacións, documentación e directorio actualizado sobre as asociacións de mulleres ou mixtas que contén con áreas específicas de muller ou igualdade da provincia de Lugo.
- 2.1.4 Facilitarlles espazos municipais ás asociacións de mulleres do municipio que propicien os seus encontros e realización de actividades, fomentando o traballo en rede.
- 2.1.5 Continuar coas campañas de sensibilización sobre a representación paritaria nas asociacións mixtas: veciñais, empresariais, etc.
- 2.1.6 Visibilizar as achegas propostas por colectivos feministas, asociacións de mulleres e aquelas outras que traballan en prol da igualdade no concello.

## Obxectivo

2.2 Propiciar o empoderamento das mulleres no ámbito rural incidindo no acceso aos recursos e o recoñecemento da súa propia identidade mediante o fomento da súa participación cultural, social e política.

## Accións

2.2.1 Impulsar proxectos de dinamización e formación para mellorar a capacitación e participación activa das mulleres que integran as organizacións e redes sociais, con especial incidencia nas mulleres rurais.

2.2.2 Fomentar o acceso das mulleres ás novas tecnoloxías, especialmente aquelas que viven nas zonas rurais ou aquelas que pertencen a colectivos vulnerables.

2.2.3 Promover a revisión dos horarios e as rutas dos servizos públicos de transporte para facilitar a mobilidade das mulleres das zonas rurais.

## Obxectivo

2.3 Contribuír ao respecto á diversidade da poboación lucense tendo en conta a perspectiva de xénero.

## Accións

2.3.1 Analizar as necesidades e demandas específicas das mulleres con discapacidade, otorgándolles prioridade e establecendo accións que contribúan a compensar a situación de dobre discriminación (xénero e discapacidade).

2.3.2 Desenvolver accións de sensibilización, formación e concienciación sobre a dobre ou triple discriminación dirixidas ao persoal dos servizos públicos

(de emprego, atención ás persoas con discapacidade...) e a outros axentes sociais.

**2.3.3** Editar e divulgar nas linguas das culturas con maior presenza na cidade folletos informativos e divulgativos sobre os diversos recursos existentes de apoio ás mulleres.

**2.3.4** Desenvolver actividades de sensibilización sobre migracións e interculturalidade, desde a dobre perspectiva das persoas que saíron e chegaron a Galiza, aprofundando nos conflitos de xénero e no papel específico das mulleres.

## Obxectivo

**2.4** Sensibilizar a cidadanía en materia de igualdade de oportunidades

## Accións

**2.4.1** Continuar o labor de sensibilización durante todo o ano, ademais das campañas organizadas ao redor do día 8 de marzo e 25 de novembro, sobre a importancia, necesidade e contribucións específicas que supón a participación das mulleres nas esferas de toma de decisións, espazos políticos e consultivos de todos os ámbitos.

**2.4.2** Difundir entre a cidadanía materiais, guías, recursos e servizos existentes en materia de igualdade de oportunidades ou doutras institucións ou entidades.


**2.4.3** Establecer accións concretas dirixidas aos homes, mozos e maiores, de cara a traballar a reconceptualización da masculinidade.

**2.4.4** Implicar aos medios de comunicación locais na eliminación da linguaxe e imaxe sexista das mulleres, tanto no tratamento das novas coma na publicidade.

2.4.5 Continuar cos certames da Casa da Muller: de narrativa xuvenil “Entre iguais”, de fotografía “Revelando o machismo”, de narrativa para mulleres “Toda unha vida” e de deseño gráfico “A violencia de xénero”.

Concellerías implicadas: Igualdade, Servizos sociais, zona rural, educación e emprego, Participación Cidadá.

Gabinete de Comunicación.



### ÁREA 3. EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

## ÁREA 3. EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

### Obxectivo

3.1 Velar porque a oferta educativa municipal favoreza a igualdade de oportunidades e a non discriminación por razón de sexo.

### Accións

3.1.1 Seguir realizando accións formativas en materia de igualdade na educación non formal dependente do Concello: oíotecas, actividades extraescolares, programas de drogodependencias, programas de educación familiar, programa de animación sociocultural, etc.

3.1.2 Colaborar cos axentes educativos asesorando sobre a introdución da perspectiva de xénero, implicando activamente as asociacións de pais e nais.

3.1.3 Sensibilizar o profesorado e a quen traballa nos diferentes tipos de ensino sobre a importancia do seu papel transmisor de valores igualitarios, non sexistas e inclusivos.

3.1.4 Adquirir un fondo documental de libros infantís e xuvenís de contidos non estereotipados respecto ao xénero para todas as bibliotecas municipais, na medida das posibilidades orzamentais.

### Obxectivo

3.2 Apoiar os programas de formación en igualdade e coeducación dos centros educativos da cidade.



## Accións

**3.2.1** Ofertar actividades de formación dirixidas á comunidade escolar para o desenvolvemento da coeducación e da igualdade de oportunidades, incluíndo a incorporación de temáticas educativas relacionadas coa educación afectivo-sexual (estereotipos e roles), trastornos de alimentación (anorexia, bulimia...) e hábitos de consumo saudables.

**3.2.2** Visibilizar programas formativos como os que se están levando a cabo dende unha perspectiva de xénero na comunidade educativa “Vivir xuntos, convivir” e na Escola de Nais e Pais “Aprender a Educar” e os programas de educación para a igualdade e educación para a prevención da violencia de xénero que se levarán a cabo en educación primaria e educación secundaria. Dar a coñecer materiais didácticos elaborados polo profesorado.

## Obxectivo

**3.3** Fomentar a participación e a presenza das mulleres na vida cultural da cidade.

## Accións

**3.3.1** Incorporar a transversalidade de xénero nas políticas culturais locais: museos, catálogos, presentacións de obras, talleres, eventos, teatro, etc.

**3.3.2** Continuar potenciando a presenza das mulleres na vida cultural e artística apoiando as iniciativas das propias mulleres, das novas creadoras e a súa presenza en actos como Teatro Clásico, Universitario, San Froilán, etc.

**3.3.3** Favorecer na selección de actividades do propio Concello aquelas xeradas por mulleres, ou con contidos de xénero.

3.3.4 Favorecer a organización de actividades culturais a partir das preferencias, necesidades e diversidade das mulleres ás que se dirixe.

3.3.5 Promover a paridade en todas as actuacións urbanísticas e culturais rexe-neradoras do ámbito urbano no Concello, tendo en conta as necesidades e a imaxe das mulleres como usuarias e creadoras (guía de rúas, representacións escultóricas, etc.)

## Obxectivo

3.4 Promover unha práctica deportiva igualitaria tanto a nivel profesional como afeccionada.

## Accións

3.4.1 Continuar co apoio ao deporte feminino, co investimento para aqueles equipos ou deportes cun mínimo entre 40-60% de presenza feminina.

3.4.2 Fomentar o coñecemento dos deportes entre as nenas e mozas, especialmente daqueles nos que teñen escasa presenza e os que se practican en equipo.

Concellerías implicadas: Igualdade, Servizos Sociais, Educación, Cultura e Deporte



## ÁREA 4. FORMACIÓN E EMPREGO



## ÁREA 4. FORMACIÓN E EMPREGO

### Obxectivo

4.1 Potenciar a formación para o emprego das mulleres lucenses coa finalidade de mellorar a incorporación, permanencia e promoción delas no mercado laboral.

### Accións

4.1.1 Continuar coa promoción de accións formativas e laborais para as mulleres do rural, coa creación de redes de servizos de atención a persoas maiores, infancia, mocidade e poboación en xeral.

4.1.2 Organizar accións formativas en sectores relacionados co ámbito rural, en especial dirixidas ás mulleres: ecoturismo, produción ecolóxica, etc.

4.1.3 Continuar co programa de teleformación como ferramenta para ampliar a formación ocupacional das mulleres.

4.1.4 Fomentar o acceso das mulleres a cursos específicos para mellorar a promoción profesional evitando a segregación vertical, en colaboración coas asociacións empresariais de cidade.

4.1.5 Continuar desenvolvendo programas de orientación escolar que traballen a diversificación profesional sen nesgos de xénero.

### Obxectivo

4.2 Incrementar, mellorar e consolidar o emprego por conta allea das mulleres lucenses, en especial daquelas que presenten maiores dificultades.

## Accións

- 4.2.1 Manter a coordinación entre os diferentes servizos municipais que desenvolven accións relacionadas coa inserción sociolaboral das mulleres.
- 4.2.2 Desenvolver programas específicos para o acceso das mulleres a profesións subrepresentadas.
- 4.2.3 Realizar xornadas e mesas de traballo sobre políticas activas de emprego con perspectiva de xénero.
- 4.2.4 Continuar realizando accións de información, orientación laboral e procura de emprego dirixidas a mulleres, con especial atención ás mulleres pertencentes a colectivos vulnerables.
- 4.2.5 Fomentar o coñecemento da nova lexislación que afecta ás traballadoras e traballadores do fogar.

## Obxectivo

- 4.3 Apoiar e incentivar as iniciativas emprendedoras das mulleres.

## Accións

- 4.3.1 Desenvolver sesións de motivación cara ao emprendemento empresarial das mulleres nos centros educativos, cursos de formación ocupacional, asociacións de mulleres, educación de persoas adultas, etc.
- 4.3.2 Seguir prestando servizos de información, asesoramento, fomento e titulación a cooperativas e empresas promovidas por mulleres, facilitando a súa posta en marcha.

4.3.3 Elaborar e difundir material didáctico para o desenvolvemento do espírito emprendedor das mulleres.

4.3.4 Informar ás mulleres sobre a titularidade compartida das explotacións agrarias.

4.3.5 Manter as relacións de colaboración coas asociacións de mulleres empresarias.

## Obxectivo

4.4 Promover a igualdade de oportunidades no marco empresarial.

## Accións


4.4.1 Difundir entre o tecido empresarial os recursos, subvencións, bonificacións e outras medidas que impulsen a contratación de mulleres de cara a fomentar o acceso ao emprego de calidade.

4.4.2 Manter o servizo de asesoramento técnico a empresas para a implantación de plans de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, e conciliación vida laboral, vida persoal, vida familiar.

4.4.3 Establecer un banco de boas prácticas empresariais en materia de igualdade.

4.4.4 Priorizar a contratación de empresas responsábeis socialmente en materia de igualdade.

Concellerías implicadas: Igualdade, Emprego, Servizos sociais, Zona rural e Educación.



**ÁREA 5.  
PREVENCIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL DA  
VIOLENCIA DE XÉNERO**

## ÁREA 5. PREVENCIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

### Obxectivo

5.1 Informar, formar e sensibilizar a poboación sobre a problemática da violencia de xénero co fin de implicar a toda a sociedade na súa erradicación.

### Accións

5.1.1 Continuar realizando accións de información, formación e sensibilización sobre as causas e consecuencias da violencia de xénero, especialmente nas zonas rurais.

5.1.2 Realizar campañas de divulgación sobre a detección de abusos sexuais, ciberracoso, acoso sexual, acoso por mor de xénero ou orientación sexual e a necesidade de denuncia deste tipo de situacións.

5.1.3 Sensibilizar e formar sobre os distintos tipos de violencia de xénero a profesionais cuxo ámbito de actuación estea vinculado dalgún modo coa detección e prevención da violencia de xénero no ámbito municipal: Policía Local, Servizos Sociais, Educación...

5.1.4 Posta en funcionamento da Mesa Técnica da Violencia de Xénero.

5.1.5 Elaboración de programas para sensibilizar e visibilizar o fenómeno da trata con fins de explotación sexual, como unha forma de violencia de xénero.



## Obxectivo

5.2 Impulsar a formación en materia de prevención da violencia de xénero no eido educativo.

## Accións

5.2.1 Continuar coa realización de xornadas e talleres de prevención de violencia de xénero en centros educativos dirixidos a toda a comunidade educativa e, especialmente, a adolescentes e mocidade.

5.2.2 Incentivar os modelos de relación afectivo-sexual baseados no respecto e na tolerancia, especialmente a través da información e aprendizaxe das novas masculinidades.

5.2.3 Programar actividades coa mocidade nas que se inclúan conceptos relacionados cos micromachismos, masculinidade e violencia de xénero.

## Obxectivo

5.3 Crear condicións para facilitar a autonomía persoal das mulleres vítimas da violencia de xénero e que contribúan á recuperación do seu proxecto vital.

## Accións

5.3.1 Fomentar o desenvolvemento de programas para o apoio psicosocial e grupos de axuda mutua dirixidos ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos.

5.3.2 Manter actualizada a información sobre os recursos existentes no Concello

para protexer e acompañar a recuperación das mulleres en situación de violencia de xénero, que inclúen: asistencia psicolóxica, xurídica, laboral e social de calidade.

**5.3.3** Axudar e incentivar o acceso ao emprego de mulleres vítimas de violencia de xénero.

**5.3.4** Promover medidas de apoio de corresponsabilidade familiar, dirixidas a mulleres vítimas de violencia de xénero, para posibilitarlles a realización de actuacións que promovan unha maior autonomía persoal, laboral e social.

**5.3.5** Manter a prioridade nos baremos de acceso a vivenda pública, en réxime de alugamento ou propiedade, do colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero.

**5.3.6** Seguir a desenvolver o programa de atención integral dirixido ás mulleres vítimas e posta en marcha de programas de intervención coas fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia.

## Obxectivo

**5.4** Coñecer as características da violencia contra as mulleres con discapacidade e desenvolver actuacións específicas de cara á súa prevención e intervención.

## Accións

**5.4.1** Realizar, xunto coas asociacións de persoas con discapacidade, unha investigación sobre a violencia específica exercida sobre as mulleres con discapacidade, que permita coñecer as súas causas e efectos no ámbito institucional e no doméstico.

**5.4.2** Desenvolver campañas de prevención, información e sensibilización sobre

os seus dereitos, e acceso efectivo aos recursos existentes en materia de violencia de xénero e discapacidade, dirixidas a mulleres que a padecen, ás asociacións relacionadas coa discapacidade e á poboación no seu conxunto.

**5.4.3** Diseñar e pór en marcha, xunto coas asociacións de persoas con discapacidade, programas formativos sobre violencia de xénero e discapacidade dirixido a profesionais dos ámbitos xudiciais, sociais, de saúde, servizos de atención a vítimas de violencia de xénero, etc.

**5.4.4** Previr, detectar precozmente e atender, xunto coas asociacións de persoas con discapacidade, as situacións de violencia que poden estar sendo vividas por mulleres con discapacidade, desenvolvendo ferramentas (protocolos, programas, guías), especialmente no ámbito familiar e institucional.

Concellerías implicadas: Igualdade, Servizos Sociais, Educación, Seguridade, zona rural. Gabinete de Comunicación.



## ÁREA 6. CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

## ÁREA 6. CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

### Obxectivo

6.1 Impulsar a realización de medidas en materia de conciliación da vida persoal e laboral, na repartición equitativa das tarefas domésticas e o coidado e na harmonización dos usos sociais dos tempos

### Accións

6.1.1 Realizar actividades de sensibilización de cara á repartición responsable de tarefas no ámbito privado, facendo especial fincapé na visibilización e erradicación dos micromachismos.

6.1.2 Desenvolver obradoiros dirixidos aos homes naquelas tarefas domésticas que tradicionalmente desenvolven as mulleres e viceversa.

6.1.3 Continuar coa realización de talleres co alumnado e profesorado nos centros educativos, dentro do programa “Educando en igualdade”, de cara a modificar as actitudes que promoven unha repartición estereotipada das tarefas e responsabilidades familiares.

6.1.5 Realizar campañas de sensibilización de cara a unha reorganización do eido laboral de espazos e tempos que favorezan a conciliación dos tempos de vida.

6.1.6 Visibilizar boas prácticas no marco da corresponsabilidade familiar.


### Obxectivo

6.2 Estender e ampliar os recursos comunitarios dirixidos á poboación para facer compatible a vida laboral, persoal e familiar.

## Accións

- 6.2.1 Continuar coa organización de servizos e actividades lúdicas educativas para atender a menores fóra do horario escolar así como no período vacacional.
- 6.2.2 Procurar servizos de gardararía na organización de actividades e eventos municipais, cando estes se realicen fóra do horario escolar.
- 6.2.3 Elaborar unha guía informativa sobre permisos, excedencias, prestacións e recursos de conciliación.
- 6.2.4 Crear unha guía de recursos para empresas flexibles e conciliadoras, incluíndo a normativa vixente en materia de axudas e subvencións para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

Concellerías implicadas: Igualdade, Servizos sociais, Educación, Cultura, Emprego, Participación cidadá.



**ÁREA 7.**  
**BENESTAR SOCIAL E SAÚDE**

## ÁREA 7. BENESTAR SOCIAL E SAÚDE

### Obxectivo

7.1 Integración social de mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

### Accións

7.1.1 Seguir favorecendo as políticas de acción positiva no acceso á vivenda para mulleres con especiais dificultades: vítimas de violencia de xénero, familias monomarentais, maiores soas, mulleres con discapacidade, en risco de exclusión social...

7.1.2 Colaborar coa posta en marcha de programas de prevención e redución de risco entre as mulleres prostituídas.

7.1.3 Introducir contidos nos programas formativos de xénero sobre diversidade sexual, transexualidade e reasignación de sexo.

### Obxectivo

7.2 Promover a saúde das mulleres e o acceso a recursos e servizos sociais e sanitarios para acadar o seu benestar físico, emocional e social.

### Accións

7.2.1 Continuar coa realización de obradoiros sobre aspectos sanitarios e psicosociais das mulleres, con especial atención ás situacións de saúde específicas das mulleres e aos trastornos do comportamento alimentario.

7.2.2 Implementar programas e campañas informativas e formativas sobre saúde sexual e reprodutiva dende todas as súas vertentes.



7.2.3 Realizar accións informativas sobre saúde psicosomática, nutrición, sexualidade, prevención de riscos laborais nas mulleres.

7.2.4 Fomentar programas de sensibilización, terapéuticos e formativos con perspectiva de xénero destinados á atención de persoas cuidadoras e familiares de persoas dependentes.

## Obxectivo


7.3 Facilitar o acceso das mulleres nas distintas actividades de ocio e tempo libre.

## Accións

7.3.1 Promover a organización de actividades de ocio a partir das preferencias, necesidades e diversidade de mulleres a que se dirixe.

7.3.2 Seguir colaborando cos centros sociais municipais e coa Casa da Muller para o desenvolvemento de actividades específicas para mulleres.

Concellerías implicadas: Igualdade, Servizos Sociais, Educación, Participación Cidadá.



**IMAXES**



**IMÁGENES**

# QUÉROTE

20

200

1

20

150

**NINGUÉN CHE QUERE COMA MIN** 2

20

100

**NON FALES COA TÚA IRMÁ** 3

20

70

**ONDE ESTIVECHES?** 4

20

50

**NON VALES PARA NADA** 5

20

40

**PÉGOCHE PORQUE CHE QUERO** 6

20

30

**PERDÓAME** 7

20

20

**NON PODO VIVIR SEN TI** 8

20

10

**SE ME DEIXAS, MÁTOTE** 9

**OLLO, PODE SER DEMASIADO TARDE!**

**GRADÚA A TÚA VISTA CONTRA A VIOLENCIA  
MACHISTA!**



Concello de Lugo



Casa da Muller  
Concello de Lugo



III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes  
e Mulleres do Concello de Lugo

## BUSCA as sete diferenzas



Se somos iguais: Cal é a diferenza? :nópias

**Ao menor síntoma ten a man**



**igualdade 100%**

Non existen contraindicacións  
Recoméndase o seu uso excesivo




**Concello de Lugo**




**Casa da Muller**  
Concello de Lugo



**1 Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres do Concello de Lugo**









## CONCURSO DE DESEÑO GRÁFICO

Hai mulleres vítimas porque hai verdugos, mulleres asasinadas porque hai asasinos que ríen e se burlan e serán o efecto de intimidación e silencio das mulleres. Facemos fronte a unha violencia de dominación, á que podería denominarse terrorífico.

Hai que falar máis e máis, como hai victimario para axitar as consciencias de todas e todos nós e incitarnos a asumir a nosa responsabilidade e a combater a violencia de xénero, as chamadas "pequenas", pero importantes, como non rir nin aceptar en silencio os comentarios e chistes machistas e agresivos contra as mulleres que se emitan na nosa presenza.



Teléfono 982 29 74 12  
Fax 982 29 74 13  
cmuller@concellodelugo.org

Casa de Muller  
www.lugo.es



Concello de Lugo  
Área do Desenvolvemento Social,  
Igualdade e Avenementos



# RAPAZAS

MARZO 2011 - Nº1  
Exemplar gratuito

www.lugo.es

**TEST**  
MALTRÁTAME  
O MEU  
MOZO?

**Aviolencia  
de xénero**

**Publicidade  
igualdina**

**Busca as  
7 diferenzas**

**CONSULTORIO  
ENTRE NÓS**

**LIBROS, PELÍCULAS  
E MÚSICA CONTRA  
A VIOLENCIA MACHISTA**


**Saúde**  
*que é unha relación sa?*



# Aprende Xogando



Concellería de Igualdade e Benestar Social







## II CERTAME DE FOTOGRAFÍA "REVELANDO O MACHISMO"

Para solicitar as bases ou máis información, poden dirixirse á Casa da Muller ou ao teléfono 982 297 412. Tamén, a través do correo electrónico: [casadamuller@concellodelugo.org](mailto:casadamuller@concellodelugo.org)

Dentro das actuacións do "II Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo", do eido de sensibilizar sobre o problema da violencia de xénero, o Concello de Lugo convoca o II CERTAME DE FOTOGRAFÍA "REVELANDO O MACHISMO" de acordo coas seguintes BASES:

1.- PARTICIPANTES: Todas as persoas que o desexen.

2.- PRESENTACIÓN: Os traballos serán enviados, dirección "casademuller", a seguinte dirección: A delegación entre homes e mulleres, a estrada, a Orosmea de abaixo, nº. 12, barrio dos Bogaques nº. 23 a 30 centímetros como mínimo e 40 a 50 centímetros como máximo. Presentaranse dentro da mesma maleta que contén máis de 50 a 70 centímetros, e case gratis non exceda de 1,5 toneladas. Adicionalmente incluída unha foto en branco e negro como así sexa. Os traballos de presentación das fotografías serán así: papel tradicional, analítico ou dixital, tamaño A4, no caso de ser presentación, e registro para foto feita con cámara analítica e así se o é con cámara dixital.

Os traballos envíanse con título e, baixo firma, indicando no sobre o CERTAME DE FOTOGRAFÍA "REVELANDO O MACHISMO", nun sobre pechado e baixo o mesmo tema, indicando o nome e apelidos, enderezo, cidade e teléfono de contacto ou do autor.

3.- NÚMERO DE TRABALLOS: Cada participante poderá presentar un máximo de tres, que se o poderá ser posterior.



Concello de Lugo

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN: Os traballos serán enviados á Casa da Muller, Avda. de Coruña, 212 (barrio de Miogrande, 27002 Lugo), até o día 30 de setembro de 2011.

### 5.- PREMIOS:

1º PREMIO: Diploma e premio dotado con 600 €. FINALISTA: Diploma.

No caso de que a xente do xurado en traballos non sexen a suficiente cantidade, contemplase a posibilidade de crear un ou varios premios adicionais.

6.- SOBREGA: Será impoñible por:

A) Concello de Benavente Bando e finalista

Unha ou un representante do Plan de Participación Cidadá en relación de igualdade do Concello de Lugo.

Unha persoa exposta en fotografía.

Unha muller ou un home de Casa da Muller.

7.- RESOLUCIÓN: A resolución do xurado, que se fará con carácter non anticipado de persoas profesionais, terá pública no web de outubro de 2011.


8.- ENTREGA DE PREMIOS: Os premios serán entregados no transcurso dun acto que se realizará oportunamente, celebrado con conmemoración do 25 de novembro: "Día Internacional contra a Violencia de Xénero".

9.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS: Os traballos presentados a concurso e elaborados no Concello de Lugo, que poderá expoñerse ou facer o uso deles que estime conveniente.

10.- DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS NON PREMIADOS: Os traballos non premiados poderán ser retirados até o día 31 de decembro de 2011.

11.- ACEPTACIÓN DAS BASES: A participación no certame supón a aceptación total das súas bases e a elección do xurado.

# II CERTAME DE FOTOGRAFÍA "REVELANDO O MACHISMO"





### III CERTAME DE NARRATIVA XUVENIL “ENTRE IGUAIS”

Dentro das actuacións dos Plans de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo, co obxectivo de promover o valor da igualdade entre mulleres e homes, o Concello de Lugo convoca o III CERTAME DE NARRATIVA XUVENIL “ENTRE IGUAIS” de acordo coas seguintes BASES:

**1.- PARTICIPANTES.** Rapacesas e rapaces con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos.

**2.- PRESENTACIÓN.** Os traballos serán inéditos, escritos en lingua galega. O tema será libre, baseado en calquera aspecto relacionado coa igualdade entre mulleres e homes, o reparto das tarefas do fogar, o cuidado das persoas, o acceso ao traballo, etc. A elaboración mesma será de único folio. Presentaranse por triplicado. Os traballos envíanse sen remitir o fecho tema, indicando no sobre III CERTAME DE NARRATIVA XUVENIL “ENTRE IGUAIS”. Nun sobre pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse o nome e apelidos, endereço, idade e teléfono de autor/a ou do autor.

